



Sociedade Comarcal

- Sociedade para o Desenvolvemento Comarcal
- Plan para o Desenvolvemento Comarcal
- Mapa Comarcal
- Textos Legais
- Publicacións
- Reportaxes Especiais
- Novas**
- Convenios
- Concursos e Contratacións

- As Comarcas
- SITGA
- Fundacións Comarcais
- Centros Comarcais



Novas

INAUGURACION DA EXPOSICIÓN DA TOPONIMIA DE RIBADEO [15/12/2010]

Do 14 ao 22 de decembro

O Proxecto Toponimia de Galicia (PTG), promovido pola Comisión de Toponimia de Galicia, naceu no 2000 ante a necesidade de defender e conservar o patrimonio toponímico galego. Este proxecto estase a desenvolver no SITGA (Sistema de Información Territorial de Galicia), un dos departamentos da Sociedade para o Desenvolvemento Comarcal de Galicia, da Consellaría do Medio Rural.

Galicia conta cunha grande abundancia de topónimos por mor de circunstancias moi diversas, por exemplo a dispersión dos núcleos de poboación, o minifundismo, a orografía irregular e dificultosa do terreo, etc. Estes milleiros de topónimos de terras, montes, valgadas, reguerios, fontes penedos, muiños, etc. constitúen un dos máis preciados tesouros da nosa cultura que, ademais, nos identifica como pobo. Co paso do tempo moitos se estaban a esquecer e perder motivo polo cal era necesario por en marcha accións para cuidar esta riqueza e protexela.

O proceso de recolleita e ordeación destes topónimos desenvólvese de maneira estruturada seguindo un procedemento que se repite en todos os concellos ata que se obtén o resultado final, os mapas e as bases de datos toponímicos resultantes. Nunha destas fases lévase a cabo a exposición pública de mapas toponímicos unha vez terminado o traballo de campo e normativizados os resultados acadados. Esta exposición pública por un lado serve de homenaxe a todos aqueles informantes que colaboraron desinteresadamente para que este traballo sexa posible, e ao mesmo tempo serve para revisar e completar a información exposta.

O mércores 15 de decembro inaugurouse a exposición no concello de Ribadeo, seguindo unha liña que comezou no 2005. Esta exposición recolle a toponimia de todas as parroquias do concello de Ribadeo. Posteriormente o concello ten pensado achegar aos veciños a cartografía da súa parroquia para dala a coñecer e poidan contribuir coas súas aportacións.

Esta exposición poderá visitarse na OMIC (Oficina Municipal de Información ao Consumidor), na rúa Gamallo Fierros, 7.

Durante o tempo que permaneza aberta ó público todos os visitantes están invitados a realizar as aportacións que estimen interesantes para a ampliación e mellora da información microtoponímica.



Una imaxe da inauguración